

RESOLUCIÓN

Asunto: Acceso á información pública

Procedemento: PR100A

Solicitante:

Data da solicitude: 16/11/2021

En relación á solicitude formulada pola interesada, ao abeiro da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e polo tanto, ao abeiro da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e en atención aos seguintes,

A) Antecedentes de feito

1.º A interesada solicita, relativos ao último ano e á zona das Rías Baixas, os seguintes datos:

- O número de narcolanchas incautadas.
- Cantidad de drogas incautadas.
- Cantidad de detencións, xuízos e sentenzas firmes relacionadas con este tema.

De non dispor de desta información detallada, solicita que se lle envíe a información dispoñible.

2.º No expediente consta informe emitido con data 18 de novembro de 2021 pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), onde se sinala que, de conformidade co artigo

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 497
emerxencias.interior@xunta.gal

12.e) da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, corresponde ao Corpo Nacional de Policía “a investigación e persecución dos delitos relacionados coa droga”.

B) Consideracións xurídicas

1.º Segundo o artigo 18.1.d) da lei 19/2013, do 9 de decembro, serán inadmitidas, mediante resolución motivada, as solicitudes dirixidas a un órgano en cuxo poder non obre a información, cando se descoñeza o competente.

2.º No apartado 2 deste artigo 18, indícase que cando se inadmita a solicitude por concorrer a circunstancia prevista na letra d) do punto 1 deste artigo, o órgano que acorde a inadmisión debe indicar na resolución o órgano que, ao seu xuízo, é competente para coñecer da solicitude.

3.º Pola materia da que é obxecto a solicitude estímase que poden ter as competencias e a información solicitada a Dirección Xeral do Corpo Nacional de Policía e o Ministerio de Xustiza; todo isto coas propias limitacións establecidas na lexislación de transparencia.

4.º Esta resolución dítase dentro do prazo dun mes previsto no artigo 20 da citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Polo exposto, de conformidade cos artigos 18 e 20 da lei 19/2013, do 9 de decembro, acórdase inadmitir a súa solicitude, indicándolle que a información solicitada estímase que poderá serlle facilitada dende a Dirección Xeral da Policía, a Garda Civil e a Axencia Tributaria no que respecta ao número de narcolanchas incautadas, cantidade de drogas incautadas e cantidade de detencións, e dende o Ministerio de Xustiza, no relativo aos xuízos e sentenzas firmes.

De conformidade co artigo 20.5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, esta resolución é recurrible directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer unha reclamación postestativa e previa a vía contenciosa- administrativa perante o Valedor do Pobo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

Asinado por: VILLANUEVA ALVAREZ, SANTIAGO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 30/11/2021 12:03:08

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 497
emerxencias.interior@xunta.gal

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 497
emerxencias.interior@xunta.gal